

**CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O
FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL PARA O ANO 2022 (CÓDIGO PROCEDEMENTO MT975J)**

PREGUNTAS FRECUENTES

1.- Por que deberían as entidades locais aproveitar as oportunidades de financiamento que ofrece esta convocatoria?

Esta convocatoria ten por finalidade poñer ao dispor das entidades locais recursos económicos cos que favorecer o financiamento de proxectos que contribúan á consecución dos **novos obxectivos que deberán alcanzar as entidades locais no ámbito das súas responsabilidades e competencias e que serán de obrigado cumprimento a curto prazo.**

Entre os novos obxectivos, a Directiva (UE) 2018/851, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE contempla:

- No que respecta aos obxectivos de preparación para a reutilización e reciclado de residuos municipais, fixéronse obxectivos ambiciosos para o medio e longo prazo: 55 % para 2025, 60% para 2030 e 65% para 2035.
- Así mesmo, a nova directiva que revisa o Directiva Marco de Residuos inclúe tamén a obrigatoriedade da recollida separada de residuos téxtiles e dos residuos perigosos de orixe doméstica como moi tarde o 1 de xaneiro de 2025.

2.- Cal é o procedemento de concesión para estas axudas?

Segundo o establecido no artigo 10 das bases reguladoras o procedemento que se empregará para a concesión das axudas será o de **concorrenza competitiva** contemplado no artigo 19, apartado 1º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3.- Cales son as liñas subvencionables desta convocatoria?

- Liña 1. Aceites: Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos, para destinalo a valorización para a obtención de biocarburante.
- Liña 2. Téxtiles: Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada da fracción de residuos téxtiles dos residuos municipais para destinalos a preparación para á reutilización ou reciclado.
- Liña 3. Puntos Limpos Móviles: Proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e a adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclado na nosa Comunidade Autónoma.

4.- Pode optar una mesma entidade local a máis dunha subvención ao amparo desta convocatoria?

Si, segundo o establecido nas bases reguladoras **é posible** que una mesma entidade local concorra a esta convocatoria de maneira simultánea para as tres liñas subvencionables a que se refire o artigo 1, neste caso, deberase presentar unha solicitude por cada liña (Anexo I) tendo en conta as contías máximas de axuda establecidas no artigo 5 destas bases reguladoras.

O que **non é posible é que unha entidade local concorra á convocatoria de maneira simultánea e para a mesma actuación de maneira individual e a través da entidade supramunicipal ou agrupación na que se integre (art. 2.3 das bases reguladoras).**

5.- Cal sería a porcentaxe máxima subvencionada?

O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o **90% do custo total subvencionable ata o importe máximo ou contías máximas considerados polas bases reguladoras** e será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto a financiar.

O financiamento achegado **non é compatible** cos Proxectos Clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2) así como con axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outro fondo europeo, tales como o FEDER, REACT-UE, FSE, FEADER, HORIZONTE EUROPA, etc.

No artigo 5, punto 3 pódense ver cales son esas **contías máximas** dependendo do tipo de proxecto para o que se solicite a subvención así como dependendo de se a solicitude a formula de xeito individual un concello ou se se trata dunha solicitude presentada de maneira conxunta e da que se beneficiaría máis dunha entidade.

O solicitante poderá asumir unha achega superior ao 10 % do custo subvencionable co obxecto de que se valore esta achega na fase de valoración dos proxectos (ata un máximo de 10 puntos) con base no establecido no artigo 14 das bases.

6.- As cantidades a subvencionar nesta orde son con IVE ou sen IVE?

Os importes máximos considerados ao abeiro desta Orde son importes **SEN IVE** xa que segundo se indica no artigo 4.2.b **non será un gasto subvencionable o imposto sobre o valor engadido.**

7.- Cal é o período subvencionable e o prazo de execución.

O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido **entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2022, ambos incluídos.**

Non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude.

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o **30 de novembro de 2022.**

8.- O proxecto para o que se solicite subvención debe contemplar a realización dunha campaña de información e sensibilización ao público?

Si, **os proxectos presentados nas liñas 1 e 2 (aceites e téxtiles) deberán contemplar a realización de campañas de difusión e sensibilización** que teñan como obxectivo fomentar a participación cidadá nas actividades incluídas nos mesmos e/ ou favorecer a

súa implementación. O custe máximo que se subvencionaría por cada unha das actuacións subvencionables é de 2.000 €.

Os proxectos presentados na liña 3 NON deberán contemplar a realización de campañas de difusión.

9.- No caso das campañas de sensibilización indícase un gasto subvencionable con un importe máximo de 2.000€, este importe é con ou sen IVE?

Todos os importes relacionados na convocatoria son **SEN IVE**.

10.- A orde de subvencións contempla o pago de anticipos?

Si, o artigo 24 da Orde prevé a posibilidade de que as entidades que resulten beneficiarias soliciten o pago anticipado de ata o 50 % do importe de subvención concedido.

As entidades beneficiarias que queiran acollerse á modalidade de pagamento anticipado, deberán manifestalo expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo VI e dispoñible na Sede electrónica (MT975J).

11.- Si se solicita a axuda para a Liña 3 Puntos Limpos Móviles no relativo ao requisito "a entidade local deberá de comprometerse ao cumprimento da normativa sectorial en materia de residuos destas instalacións, así como á inscrición no Rexistro de Produtores e Xestores de Galicia, segundo a actividade de xestión tipificada", que debe facer a entidade local?

No momento da solicitude:

- a entidade local deberá de acreditar o destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación de punto limpo fixa (autorizada ou en trámite) ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados.

- polo que atinxe á inscrición da actividade de transporte deses residuos abundaría co compromiso escrito de que, de resultar beneficiarios, se daría cumprimento ao requirido pola dita normativa.

Para entidades beneficiarias, en fase de xustificación da execución do proxecto e solicitudes do pagamento da axuda será preciso acreditar a inscrición de transportista atendendo a:

- se o transporte o realiza o persoal do concello, requirirase a inscrición do concello como transportista.
- ou se ese transporte o realiza a empresa concesionaria, requirirase a inscrición da concesionaria como transportista.

Dispoñedes de mais información sobre as inscricións requiridas nestes enlaces da Sede Electrónica:

MT986F - Comunicación de transporte profesional de residuos no perigosos.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MT986F>

MT986G - Comunicación de transporte profesional de residuos perigosos

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MT986G>

12.- Na orde menciónase que será necesario indicar os datos do Responsable Técnico do Concello, refírese a persoa de contacto ou o técnico responsable do proxecto?

Refírese ao técnico do concello ou entidade local co que teríamos que contactar para o caso que fose preciso, non tanto á persoa con coñecementos técnicos respecto do propio proxecto coa que debería contactar o técnico ou persoa responsable da entidade local coa que nós nos comuniquemos.

13.- Para solicitar a axuda hai que entregar un proxecto completo ou sirve cunha memoria?

Para solicitar a axuda deberán presentar unha memoria descriptiva das actuacións que se van a levar a cabo e que conteña a información que se require no art. 7 das bases reguladoras. Lembre que, á vista dos criterios que se establecen no art. 14 para a valoración da solicitude é conveniente que reflectan aqueles datos ou informacións que contribúan a requirido neste artigo, incluíndo a achega de documentación precisa, co fin de que a Comisión de Avaliación poida avaliar o cumprimento ou non dos criterios fixados para a valoración e prelación das solicitudes presentadas ou declaración responsable, se é o caso, que permita deixar constancia do seu cumprimento.

14.- Cal debe ser o contido mínimo da memoria?

As memorias técnicas dos proxectos ou actuacións para as que solicita a subvención deberán conter unha descrición clara das actividades a desenvolver, tanto dende o punto de vista técnico como económico, así como os datos e a información requirida para o tipo de actuación ou actuacións para ás que se solicita a axuda e segundo o que se sinala de seguido (artigo 7.1.i)).

A memoria do proxecto deberá incluír, como mínimo, os seguintes contidos:

- Tipoloxía e nome do proxecto.
- Breve descrición do proxecto presentado.
- Identificación e datos de contacto do responsable técnico.
- Introducción e diagnose da situación actual na materia do proxecto dentro do ámbito local de actuación.
- Obxectivos do proxecto e das súas actuacións (Materiais necesarios -tipo e cantidade). Será preciso neste punto a referencia ás melloras ou beneficios ambientais que se procuran co proxecto.
- Descrición detallada do proxecto, ámbito de actuación, poboación atendida e sectores ou axentes implicados, obxectivos cuantitativos (estimación de cantidade de residuos a recoller e das emisións de gases de efecto invernadoiro evitadas) e cualitativos así como a programación temporal (cronograma) para o desenvolvemento do proxecto en

correspondencia coas previsións de gastos incluídos no orzamento que se remita e tendo en conta o contemplado nestas bases reguladoras.

No caso de xa ter implantada a recollida selectiva de residuos de aceites de cociña ou residuos téxtiles no concello deberán indicar na memoria o núm. de contedores instalados e características, núm. de poboación atendida e total dos investimentos feitos para estas implantacións.

- O plan de actuación deseñado deberá incluír unha xustificación pormenorizada dos materiais, actuacións e recursos propostos de conformidade cos gastos subvencionables ao abeiro desta Orde.
- En particular, sinalaranse as campañas de información e sensibilización previstas así como os seus custos estimados de conformidade co requirido no art. 3, apartado 2.
- Indicadores e medidas de seguimento.
- Resultados esperados (residuos recollidos, en quilogramos, por tipoloxía de residuos).
- O orzamento deberá identificar con detalle os conceptos polos que se concorre na convocatoria chegando á desagregación a nivel de importes unitarios no seu caso. No caso de agrupacións de entidades locais, no orzamento figurará que importe correspondería a cada unha delas.

Toda a documentación técnica debe ser presentada nun único documento, que se titule do seguinte xeito “Memoria_técnica_Liña1”, “Memoria_técnica_Liña2” Memoria_técnica_Liña3” en función da liña de axudas solicitada.

15.- Onde debo presentar a solicitude?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://se-de.xunta.gal> (Código de procedemento MT975J).

O órgano responsable é a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

16.- Cal é o prazo de presentación?

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
San Lázaro, s/n,
15781 Santiago de Compostela

O prazo de presentación de solicitudes será desde o **15 de decembro de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2022, ambos incluídos.**

17.- Que documentación debo presentar?

O Anexo I (formulario da solicitude) que será subscrito directamente polas persoas que ostenten a súa representación. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases reguladoras. Este anexo debe completarse coa documentación sinalada no artigo 7 da Orde:

- Acreditación do nomeamento do representante da entidade solicitante.
- Anexo II. Certificación do acordo adoptado polo órgano competente en que conste a decisión da entidade ou entidades locais de solicitar a subvención ao abeiro destas bases reguladoras. Certificación de que a entidade solicitante remitiu ao Consello de Contas de Galicia, as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigada. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes
- No suposto de que a entidade local achegue fondos ao proxecto/actividade/actuación para a que se solicita subvención, para os efectos do establecido en relación cos criterios de valoración, achegarase tamén declaración responsable en que se faga constar que se dispón de crédito suficiente no orzamento da entidade local para o pagamento da parte proposta para o cofinanciamento pola súa banda.
- Anexo III. Declaración, por parte da entidade solicitante, do compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) no senso do artigo 8, apartado 2.e), da Orden HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No caso de solicitudes relativas á Liña 1 Aceites, deberase presentar:

- Anexo I.a. debidamente cumprimentado.
- Memoria técnica Liña 1 Aceites. Un único arquivo co contido establecido no punto 1.i) do artigo 7 das bases reguladoras.

- Identificación da instalación de destino dos Aceites. Instalación ou centro de tratamento prevista para tratar os residuos procedentes de aceites de cociña, tendo en conta que deberá de tratarse dunha instalación ou centro debidamente autorizada/o para a valorización destes residuos municipais e con capacidade suficiente. Se a planta de tratamento fíxese unha valorización intermedia, debe identificar a planta de valorización final para a elaboración de biocarburantes á que se destinen os residuos.
- Declaración do grao de implantación da recollida separada de Aceites. Declaración asinada polo representante da entidade solicitante no que conste o grao de implantación actual da recollida separa de aceite de cociña usado.
- Documentación acreditativa que xustifique o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3, apartado 2, para a Liña 1 Aceites.
- Documentación que considere oportuna para os efectos do establecido no artigo 14 desta orde para a Liña 1 Aceites, co fin de que a comisión de avaliación poida avaliar o cumprimento ou non dos criterios fixados para a valoración e relación das solicitudes presentadas ou declaración responsable, de ser o caso, que permita deixar constancia do seu cumprimento.

No caso de solicitudes relativas á Liña 2 Téxtiles deberase presentar:

- Anexo I.b. debidamente cumprimentado.
- Memoria técnica Liña 2 Téxtiles. Un único arquivo co contido establecido no punto 1.i) do artigo 7 das bases reguladoras.
- Identificación da instalación de destino dos residuos Téxtiles. Instalación ou centro de tratamento prevista para tratar os residuos téxtiles recollidos de forma separada, tendo en conta que deberá de tratarse dunha instalación ou centro debidamente autorizada/o para a valorización destes residuos municipais e con capacidade suficiente.
- Declaración do grao de implantación da recollida separada de residuos Téxtiles. Declaración asinada polo representante da entidade solicitante no que conste o grao de implantación actual da recollida separa de residuos téxtiles.

- Documentación acreditativa que xustifique o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3, apartado 2, para a Liña 2 Téxtiles.
- Documentación que considere oportuna para os efectos do establecido no artigo 14 desta orde para a Liña 2 Téxtiles, co fin de que a comisión de avaliación poida avaliar o cumprimento ou non dos criterios fixados para a valoración e relación das solicitudes presentadas ou declaración responsable, de ser o caso, que permita deixar constancia do seu cumprimento.

No caso de solicitudes relativas á Liña 3 Puntos Limpos Móviles deberase presentar:

- Anexo I.c. debidamente cumprimentado.
- Memoria técnica Liña 3 Puntos Limpos Móviles. Un único arquivo co contido establecido no punto 1.i) do artigo 7 das bases reguladoras.
- Acreditación da instalación de destino dos residuos recollidos co Punto Limpo Móbil. Acreditación do destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación de punto limpo fixa ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados. No seu caso, o punto limpo deberá dispor da autorización de xestor de residuos ou, polo menos, ter realizado a solicitude de autorización.
- Compromiso de cumprimento da normativa sectorial para Puntos Limpos Móviles. Compromiso de cumprimento da normativa sectorial sectorial en materia de residuos e de inscrición no Rexistro de Produtores e Xestores de Galicia, segundo a actividade de xestión tipificada.
- Documentación acreditativa que xustifique o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3, apartado 2, para a Liña 3 Puntos Limpos Móviles.
- Documentación que considere oportuna para os efectos do establecido no artigo 14 desta orde para a Liña 3 Puntos Limpos Móviles, co fin de que a comisión de avaliación poida avaliar o cumprimento ou non dos criterios fixados para a valoración e relación das solicitudes presentadas ou declaración responsable, de ser o caso, que permita deixar constancia do seu cumprimento.

18.- E se teño algunha dúbida acerca desta convocatoria, onde debo dirixirme?

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pon ao dispor dos interesados a seguinte dirección de correo electrónico: axudas.cmaot@xunta.gal

Todas as consultas deberán dirixirse a este enderezo e serán contestadas por correo electrónico. Así mesmo, irase actualizando o documento de preguntas frecuentes que estará publicado na páxina web do SIRGa.

PREGUNTAS DA XORNADA:

1. **Para a mellora da recollida de aceite e téxtil tamén hai 2000 euros para campañas de difusión ou só son para o caso de implantala?**

O importe máximo para a realización de campañas de difusión e sensibilización é de 2.000 € con independencia de se o proxecto é de implantación como se só son proxectos para a mellora de recollida selectiva.

Lembrar que a campaña só é obrigatoria para os proxectos de implantación.

2. **No caso de que os 2000 euros se poidan pedir para a mellora da recollida de aceite e téxtil, para a realización das campañas é necesario pedir 3 ofertas?**

Sí, deben solicitar as tres ofertas a diferentes empresas antes da contratación do servizo segundo se sinala no artigo 4.4 da orde.

No momento da xustificación deberán de presentar a documentación referida a este contrato (as tres ofertas).

3. **Na orde de residuos especiais, en caso de ter xa implantada a recollida de aceite e de roupa podemos se queremos solicitar para campañas de sensibilización e compra de embudes e bidóns?, ¿como o xustificamos a hora de facer a solicitude? Explicamolo na memoria?**

Na solicitude indicarán só importe do proxecto de mellora que queren realizar, onde se incluírá o importe destinado á campaña (máximo 2.000 €), e será na memoria técnica onde se explique en que consistirá o proxecto de mellora. No artigo 7.1 i) da orde sinalase o contido que deberá incluír as memorias técnicas.

4. **En la linea 3 del procedimiento MT975J (puntos limpios moviles) ¿se podría solicitar el desarrollo de acciones de sensibilización/difusión?**

Nesta orde de axudas **non se subvencionan** campañas de difusión e sensibilización para a liña 3.

No artigo 3.1 c) da orde sinálanse as accións subvencionables para a implantación de puntos limpos móbiles, entre a que se atopa a adquisición de elementos de información no propio punto limpo móbil sobre as condicións de entrega adecuada dos residuos, tales como carteis, paneis ou sinalización (máximo 1.000 €).

5. **En caso del aceite a domicilio, pode o concello recoller porta a porta con outras fracciones? o como está prevista a recollida.**

O requisito para optar á liña 1, é que a entidade se comprometa á implantación da recollida separada dos residuos de aceites de cociña, pero o tipo de recollida será a elección da entidade sempre e cando se garanta o cumprimento da normativa tendo especial atención a que non se mesturen os residuos e que se traten en xestor autorizado.

6. **Para a axuda mt975j, residuos especiais, non hai fondos para todos os concellos como na axuda de biorresiduos?**

Non, neste caso a concesión da axuda rexe polo procedemento de concorrència competitiva. No artigo 5 da orde sinálase o importe máximo dispoñible para cada unha das liñas.

7. **Contrato software GPS**

Non é un concepto subvencionable o GPS, só se financiarán ferramentas informáticas, incluídos software, para o seguimento da rastrexabilidade dos residuos recollidos.

8. **Como xustificar as campañas**

Xustificarase a realización das campañas de difusión e sensibilización no momento da xustificación e tendo en conta o detallado na memoria técnica. Deberase acreditar coa documentación que mellor consideren que se realizaron as accións da campaña sinaladas.